

CÁTEDRA DO PAN E DO CEREAL

ACTIVIDADES 2016 e PROGRAMACION 2017

DIRECTORA: M^a ÁNGELES ROMERO RODRÍGUEZ

ENLACE A PAXINA WEB: <http://www.usc.es/gl/catedras/pan-cereal/index.html>

CONTIDOS:

- 1. Datos xerais**
- 2. Actividades realizadas**
- 3. Xustificación das modificacións sobre a planificación presentada**
- 4. Planificación de actividades**
- 5. ANEXOS**
 - a. Anexo 1: Actas das reunións da comisión de seguimento**
 - b. Anexo 2: Dossier de prensa**

1. Datos xerais

A Cátedra do Pan e do Cereal é unha cátedra institucional, promovida polo Grupo Dacunha, que ten como como fines xerais a investigación, o fomento da docencia e a difusión dos coñecementos no ámbito do pan e dos cereais, en concreto sobre tres aspectos:

1. Historia da elaboración do pan en Galicia, da selección e produción de cereais autóctonos e o seu impacto na economía galega.
2. A selección e mellora dos cereais que permiten a produción do pan galego e outros produtos derivados.
3. Os procesos de panificación, con metodoloxías innovadoras e alternativas para conseguir un maior valor engadido.

Conforme ao anterior, serán actividades da Cátedra, ademais da financiamento dos traballos de investigación, tanto na elaboración do pan como dos procesos de selección dos cereais, de bolsas pre/postdoctorais de investigación sobre os temas referidos, a organización de seminarios bianuais sobre os temas de actualidade sobre o pan galego, así como actuacións orientadas á divulgación.

Esta Cátedra foi creada o 6 de xullo de 2016 e constituíuse a Comisión de Seguimento o día 11 de xullo do mesmo ano.

A composición da Comisión de Seguimento é a seguinte:

Pola USC:

- Almudena Hospido Quintana (Vicerreitora de Internacionalización)
- Andrés Barreiro Lois (Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo)
- M^a Ángeles Romero Rodríguez
- Santiago Pereira Lorenzo
- M^a Cruz Pascual López

Pola Empresa:

- Manuel da Cunha Pereira
- Ana M^a Martínez Rodríguez
- David da Cunha Rodríguez
- Manuel da Cunha Rodríguez
- José Manuel Cánovas García

Nesa primeira reunión da Comisión de Seguimento, procedeuse á elección e nomeamento de cargos, acordándose por unanimidade os seguintes:

- Presidenta da Comisión de Seguimento a Directora da Cátedra do Pan e do Cereal: M^a Ángeles Romero Rodríguez
- Promotor da Cátedra do Pan e do Cereal: Manuel da Cunha Pereira
- Secretaria Académica da Cátedra do Pan e do Cereal: M^a Cruz Pascual López
- Secretaria da Cátedra do Pan e do Cereal: Ana M^a Martínez Rodríguez

O enlace a paxina web institucional é: <http://www.usc.es/gl/catedras/pan-cereal/index.html>

A Cátedra tamén está presente na páxina web do Grupo Dacunha: <https://comercial.panaderiadacunha.com/investigacion-desarrollo-e-innovacion-factores-clave-para-incrementar-el-valor-anadido-de-productos>

2. Actividades realizadas

Na reunión da Comisión de Seguimento decidiuse o nomeamento dunha Comisión de Coordinación, para maior axilidade na toma de decisións, e diferentes subcomisións responsables das diferentes liñas de traballo.

A Comisión de Coordinación está integrada por M^a Ángeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira, M^a Cruz Pascual López e Ana M^a Martínez Rodríguez.

Pasase a describir cada unha das actividades realizadas en cada liña de traballo:

-Liña de Fariñas (Subcomisión de Seguimento composta por: M^a Ángeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira e Manuel da Cunha Rodríguez). Exponse a necesidade de instalar un laboratorio para o control das fariñas. Nestes intres dispónse do presuposto dos diferentes equipos e estase a esperar a dispoñer da dotación económica para instalar o devandito laboratorio nas instalacións do Campus de Lugo.

-Liña de Cereais (Subcomisión de Seguimento composta por: Santiago Pereira Lorenzo, Manuel da Cunha Pereira e Manuel da Cunha Rodríguez). Proponse como obxectivo a curto prazo a caracterización do ecotipo de trigo e en función do resultado a toma de decisións. Nesta liña decidiuse firmar un convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC), o CIAM (INGACAL, Xunta de Galicia) e o Grupo Dacunha no marco desta Cátedra. Neste Convenio ademais de analizar o ecotipo do trigo utilizado polo Grupo Panadeiro Da Cunha introducírase en cultivo a variedade de Trigo de Conservación Caaveiro.

-Liña de panificación (Subcomisión de Seguimento composta por: M^a Ángeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira e David da Cunha Rodríguez). Proponse inicial con actuacións para a estabilización da masa madre. Fixéronse os primeiros ensaios utilizando técnicas de liofilización. A actividade está sen finalizar.

Nesta liña decídese incluír a selección e adestramento dun panel de catadores na avaliación sensorial do pan. Fíxose a selección dun grupo formado por 12 persoas tras superar as probas de aptitude sensorial e están a desenvolver a ficha de cata cós descritores mais axeitados para definir as características sensoriais dos diferentes pans. Esta actividade está en marcha.

-Liña de rotación de cultivos: ao longo destes meses mantivéronse diferentes reunións os membros da Cátedra para establecer liñas de actuación sobre este tema. Formuláronse dúas alternativas en canto a rotación do cultivo de cereais con colza e con altramuz. Estanse a establecer a forma de abordalo intentando implicar aos diferentes grupos de investigación.

-Páxina web. Estase a dotar de contido a páxina web da USC, no espazo correspondente a Cátedras Institucionais) e creouse un blog na páxina web do Grupo Dacunha para tratar temas da Cátedra.

-Formación. O alumno da USC, Ricardo Estévez, Graduado en Nutrición Humana e Dietética expresou seu interese en realizar a Tese de Doutoramento na Cátedra do Pan e dos Cereais, para o cal matriculouse no Programa de Doutoramento e xa comezou a abordar a súa labor investigadora co grupo de traballo. Outro alumno do mesmo Grado, Jesús Fernández vai a empezar a desenvolver o seu Traballo Fin de Grado na Cátedra. Finalmente, Fernando Almeida (Enxeñeiro Agrónomo) mostrou o seu interese para facer a Tese Doutoral sobre a liña de rotación de cultivo de cereais.

3. Xustificación das modificacións sobre a planificación presentada

Dado ca Cátedra foi creada en xullo do ano pasado (2016), espéranse cumprir co todo establecido na primeira reunión da Comisión de Seguimento da Cátedra no momento que se cumpra un ano dende a súa creación

4. Planificación de actividades

As actividades previstas por liñas de actuación son as seguintes:

-Cereais: ter os resultados da análise do ecotipo do trigo utilizado polo Grupo Panadeiro Da Cunha e introducir en cultivo a variedade de Trigo de Conservación Caaveiro.

-Fariñas: dispoñer do laboratorio específico para o control de fariñas. Considérase que con este laboratorio a Cátedra prestaría servizos a empresas e cobraría por eles a través da USC. Permitiría amortizar o invertido e poder ofrecer este servizo externo.

-Panificación: dispoñer dun panel de catadores adestrado na avaliación sensorial do pan permitirá ter unha ferramenta para caracterizar os diferentes tipos de pans. Por outra banda, permitirá coñecer como poden afectar a súas características organolépticas calquera modificación no tipo de fariña empregada, masa madre, cambio formulación, cambio tecnoloxía empregada,..... Este servizo pode ser ofertado como servizo externo.

Dentro desta liña, preténdese comezar coa elaboración de pans co trigo Caaveiro en comparación co ecotipo Dacunha, e facer diferentes controis entre eles a avaliación sensorial co panel adestrado. Tamén, contéplase a posibilidade de incorporación outros ecotipos para a elaboración de pan.

-Liña de rotación de cultivos: ao longo destes meses mantivéronse diferentes reunións os membros da Cátedra para establecer liñas de actuación sobre este tema. Formuláronse dúas alternativas en canto a rotación do cultivo de cereais con colza e con altramuz. Estanse a establecer a forma de abordalo intentando implicar aos diferentes grupos de investigación.

-Poñer en marcha a liña histórica do Pan e dos Cereais coa participación dos alumnos en formación comprometidos na Cátedra do Pan e dos Cereais.

-Poñer en marcha os estudos sobre a avaliación económica do Pan e dos Cereais coa participación dos alumnos en formación comprometidos na Cátedra do Pan e dos Cereais.

-Organización dunha xornada de divulgación da Cátedra do Pan e dos Cereais na USC, contando coa participación dos distintos grupos participantes xa operativos (grupo de cata, liña de panificación, liña de cereais,) e outros que poidan aportar e complementar as actividades en curso, como pode ser o futuro grupo traballando na historia do Pan e dos Cereais.

-Definición dun grupo operativo máis amplo que poida integrar a IXP e outros interlocutores sociais en torno ao Pan e os Cereais, como os chefs e revistas especializadas.

-Dar a coñecer os beneficios nutricionais do pan vai reportar nun beneficio cara a saúde da sociedade.

-Explorar vías de financiamento complementarias para poder desenvolver accións de I+D+I mais complexas e de longa duración.

5. ANEXOS

5.1. Actas das reunións da comisión de seguimento

Reunión da Comisión de Seguimento da Cátedra do Pan e do Cereal
ACTA Nº 1

Data: 11 de xullo de 2016

Hora: 13 : 00 h

Lugar: Sala de Xuntas da Facultade de Bioloxía

ASISTENTES

Pola USC:

- Almudena Hospicio Quintana (Vicerreitora de Internacionalización)
- Andrés Barreiro Lois (Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo)
- M^a Ángeles Romero Rodríguez
- Santiago Pereira Lorenzo
- M^a Cruz Pascual López

Pola Empresa:

- Manuel da Cunha Pereira
- Ana M^a Martínez Rodríguez
- David da Cunha Rodríguez
- Manuel da Cunha Rodríguez
- José Manuel Cánovas García

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Comisión de Seguimento
2. Elección e nomeamento de cargos na Comisión de Seguimento
3. Proposta de liñas de actuación
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓN\$ E ACORDOS

Primeiro.- Saúdos e presentacións dos asistentes . Constitución da Comisión de Seguimento

Segundo. Procédese á elección e nomeamento de cargos na Comisión de Seguimento, acordándose por unanimidade os seguintes:

Presidenta da Comisión de Seguimento e Directora da Cátedra do Pan e do Cereal: M^a Angeles Romero Rodríguez

Promotor da Cátedra do Pan e do Cereal: Manuel da Cunha Pereira

Secretaria Académica da Cátedra do Pan e do Cereal: M^a Cruz Pascual López
Secretaria da Cátedra do Pan e do Cereal: Ana M^a Martínez Rodríguez

Terceiro.- Propóñense as liñas de actuación e as subcomisión encargadas:

Liña de Fariñas: expónse a necesidade de montar un laboratorio para o control das fariñas e acórdase facer unha valoración do que hai na actualidade, o que fai falta o como se pode empregar . Fálase da posibilidade de que a Cátedra preste servizos a empresas e cobre por eles a través da USC. Acórdase a creación dunha Subcomisión de Seguimento composta por: M^a Angeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira, Manuel da Cunha Rodríguez.

Liña de Cereais : propónse como obxectivo a curto prazo a caracterización do ecotipo de trigo e en función do resultado a toma de decisións. Si o ecotipo resulta distinto dos que teñen no centro de Mabegondo, se establece como obxectivo a longo prazo a redución do taló e o rexistro desta hibridación. Fálase da posibilidade de establecer un convenio co centro de Mabegondo. Queda pendente a conversa con Pablo Ramil sobre o trigo romano. Acórdase a creación dunha Subcomisión de Seguimento composta por: Santiago Pereira Lorenzo, Manuel da Cunha Pereira, Manuel da Cunha Rodríguez.

Masa madre: acórdase unha liña de actuación para a estabilización da masa madre e a creación da Subcomisión de Seguimento composta por: M^a Angeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira, David da Cunha Rodríguez .

Avaliación da rotación con colza: encárgase a M^a Angeles Romero Rodríguez e Santiago Pereira Lorenzo a presentación de liñas de actuación sobre este punto. Almudena Hospicio Quintana, propón a certificación da pegada de carbono como argumento para a rotación trigo - colza.

ROGOS E PREGUNTAS

Neste intre incorpórase á reunión o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela , D. Juan Viaño Rey, como mostra do seu apoio á Cátedra e para interesarse polo inicio dos traballos.

Primeiro.- A proposta Angeles Romero Rodríguez créase a Comisión de Coordinación da Cátedra do Pan e do Cereal integrada por: M^a Angeles Romero Rodríguez, Manuel da Cunha Pereira, M^a Cruz Pascual López, Ana M^a Martínez Rodríguez.

Segundo .- Proposta de creación dun logo ou imaxe corporativa de la Cátedra. Suxírese o uso do muíño de pedra romano atopado nas escavacións do Vicerreitorado de Lugo. Queda pendente de estudio.

Terceiro .- José Manuel Cánovas García sinala que a Empresa está a crear unha páxina web na que se incluíra información sobre a Cátedra e sería interesante creación dun blog no que escribirían os membros da Cátedra baixo a supervisión da Directora. Almudena Hospicio Quintana responde que non habería problema e que existen dúas fórmulas para facelo: ben aloxándoo na web da use, ben na páxina da Empresa deixando un enlace na web da USC, tendo en conta que a web da USC debe conter uns mínimos que se compromete a enviar á Cátedra. Queda pendente de estudo

Cuarto.- M^a Angeles Romero Rodríguez pregunta sobre a custodia dos documentos e acórdase que quedarán na Institución e Empresa recibirá unha copia.

Sen mais asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión e levántase a sesión ás 14:30 horas do día da data sinalada.

5.2. Dossier de prensa

(para consultar o contido publicado pinchar sobre o medio que recolle a noticia correspondente)

-Firma da Cátedra do Pan e do Cereal. Recollida o día 4 de xullo de 2016 en diferentes medios entre eles:

-[USC](#)

-[La Voz de Galicia](#)

-[Galiciae](#)

-[Innovaspain](#)

-[Cadena Ser](#)

-Radio Galega

-Programas Televisión:

-[Vtelevisión](#) o 14 de xullo de 2016.

-TVG gravado o día 15 de febreiro e pendente de emisión

-Noticias recollidas noutras webs:

-[Blog mundo r. Pan de Galicia](#)

-[3carretas. WordPpress](#)

-Artigos adicados:

-[El pan nuestro de cada día](#). Escrito por Carla Reyes o día 9 de decembro e publicado entre outros en Executivas de Galicia, El Progreso, Diario de Pontevedra, ...

-Formación do primeiro panel de catadores adestrado en pan:

-[USC](#)

-[Faro de Vigo](#)

-[El Correo Gallego](#)

-[Campo Galego](#)



VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Colexio de San Xerome -Praza do Obradoiro. s/n
15782 Santiago de Compostela

Tel.+34 881 811 008 E-mail: vr.internacionalizacion@usc.es

-[El Progreso](#)

-[La Voz de Galicia](#)

-Entrevista en Radio Nacional

-Entrevistas sobre a Cátedra

-[El Progreso](#) el día 30 de xaneiro de 2017

-Entrevista incluída no [Video corporativo](#) de Dacunha polo seu 30 aniversario

-Difusión e presenza noutras webs pendentes de saír:

-Pan de cada día. <http://www.elpandcd.cl/>

-Pan&Pizza. <http://panypizza.com/>